

Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BETANZOS E O CLUB RIA DE BETANZOS, PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DO 2023.

EXP.: 2024/A008/000019

REUNIDOS

Dunha parte, dona María Barral Varela, DNI núm. , alcaldesa do Concello de Betanzos, en nome e representación do concello, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 21.1 b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D. David Veiga González, DNI núm. , na súa calidade de representante do Club Ría de Betanzos, con CIF nº G15128853, con domicilio nesta Cidade, Paseo Ramón Beade s/n, apartado nº 62, en nome e representación da dita entidade.

MANIFESTAN

- I. Que o Concello de Betanzos, de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante, LXS) e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, LSG), pode conceder de forma directa, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social ou económico, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- II. Que ambas partes teñen plena capacidade e lexitimidade para formalizar este convenio.
- III. Que o obxectivo deste convenio é colaborar co Club Ría de Betanzos, para o mantemento dos servizos e actividades desenroladas no ano 2023.
- IV. Que a entidade beneficiaria arriba referenciada ten como obxecto primordial o fomento e a práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario. O Club Ría de Betanzos practicará como principal disciplina deportiva o piragüismo en todas as súas modalidades.
- V. Que ante o interese coincidente, as dúas partes acordan formalizar e asinar este convenio de colaboración que se axustará ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. FUNDAMENTO LEGAL


O artigo 22.2 c) da LXS, (artigo 19.4 c) LSG) establece que poderán concederse de forma directa aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

A dificultade da súa convocatoria pública ven motivada polo seu carácter excepcional de actualización das anualidades, así como a súa inclusión en exercicios anteriores como subvención nominativa.

SEGUNDA. OBXECTO E PERÍODO DE VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración para a concesión dunha subvención directa por parte do Concello de Betanzos ao Club Ría de Betanzos, para o financiamento do seu funcionamento e da actividade efectuada polo club durante o ano 2023, sendo ésta a "práctica do piragüismo en todas as súas modalidades". Serán subvencionables aqueles gastos que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido nestas bases reguladoras. Tendo en conta que en ningún caso serán subvencionables os seguintes gastos:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

- a) Os intereses debedores de contas bancarias.
- b) Intereses, recargas e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.

« A ACTIVIDADE DO CLUB RÍA DE BETANZOS

O club leva a cabo a práctica deportiva do piragüismo, preparando aos deportistas para a participación en diferentes competicións (tanto nacionais como autonómicas). Os deportistas proveñen principalmente da comarca de Betanzos, pero tamén contan con outros da área metropolitana da Coruña e de Santiago, ademais doutras provincias de España.

Os resultados acadados polos participantes son innumerables, tanto de xeito individual como a nivel de club.»

O período de vixencia do presente convenio abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 30 de decembro de 2024 (último día hábil do ano), aínda que o obxecto da subvención refírase a gastos correspondentes ao exercicio 2023.

TERCEIRA. CRÉDITO ORZAMENTARIO

O Concello de Betanzos comprométese a destinar a cantidade máxima de 12.500,00 euros no orzamento do ano 2023, prorrogado ao 2024, con cargo á aplicación orzamentaria 341.489.00. A dita cantidade debe destinarse única e exclusivamente ao financiamento dos gastos que orixine a realización das actividades sinaladas na cláusula segunda deste Convenio.

CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables os gastos derivados do desenvolvemento da antedita actividade, ata un máximo de 12.500,00 euros, realizadas dende o 1 de xaneiro até o 31 de decembro de 2023.

Terá a consideración de gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.


Establécese a compatibilidade con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, que poida percibir o beneficiario. Non obstante, o importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

QUINTA. DOCUMENTACIÓN

Para a plena efectividade do presente convenio, deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Acreditación da personalidade do beneficiario mediante a presentación da fotocopia cotexada do CIF da entidade.
- b) Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da fotocopia cotexada do DNI da persoa que vai subscribir o presente convenio.
- c) Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- d) Declaración xurada de se foron solicitadas ou non outras subvencións para a mesma finalidade, procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
- e) Declaración xurada de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), e en concreto, co Concello de Betanzos, e coa Seguridade Social, e que non é

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

debedor por resolución de procedencia de reintegro. Non obstante, mediante a firma do presente convenio o Club Ría de Betanzos autoriza ao Concello de Betanzos a realizar as comprobacións oportunas ante as citadas administracións, de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

f) Declaración responsable de non estar incurso a entidade en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da LXS (art. 10.2 LSG).

g) Certificación dos datos bancarios da entidade.

No caso de que algunha da antedita documentación obrase en poder do concello, exímese da súa presentación.

En todo caso, a devandita documentación deberá constar no momento da sinatura do presente convenio.

SEXTA. OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Son obrigas do beneficiario:

- Haber levado a cabo a totalidade das actividades que se establecen na memoria presentada ao efecto da obtención desta subvención (ao ser con efectos retroactivos para as actividades do ano 2023).
- Lucir o logotipo do Concello de Betanzos e facer constar a cooperación do concello en todas as actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- O Club Ría de Betanzos asume as obrigas derivadas da promoción e dinamización das actividades.
- Cumprir coas obrigas que se establecen nas bases de execución do orzamento do Concello de Betanzos.

SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento do importe total do convenio farase no momento no que se xustifique debidamente o cumprimento total da finalidade do presente convenio.

O pagamento da subvención efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para o efecto polo beneficiario.


O beneficiario deberá presentar a conta xustificativa como máximo no prazo de tres meses dende que se firme o convenio.

O importe dos gastos xustificativos deberá ser, como mínimo, o importe da cantidade asignada neste convenio. En caso de non xustificar o importe total do convenio verase reducido proporcionalmente o importe a percibir.

Para a xustificación das cantidades asignadas neste convenio, deberá presentarse a seguinte documentación:

- Memoria explicativa e detallada das actividades que se realizaron, con expresa mención dos resultados obtidos, incluíndo unha relación dos gastos ocasionados polas actividades que se realizaron e dos ingresos que se obtiveron para as ditas actividades. Acreditación gráfica do cumprimento de facer constar a colaboración do Concello de Betanzos en toda a información que se faga das actividades subvencionadas (folletos, carteis, libros, vídeos, CD's, etc).
- Declaración xurada que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención.
- Declaración xurada que acredite que non se obtivo ningunha outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, ou, polo contrario, onde conste unha relación detallada doutras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade.
- Orixinal ou fotocopia compulsada ou cotexada das facturas representativas dos gastos realizados. As

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

facturas deberán cumprir os requisitos esixidos polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

No caso de que a realización das actividades obxecto da subvención xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante nómina, factura ou documento equivalente (orixinais ou fotocopias cotexadas).

Así como xuntar a xustificación do pagamento dos devanditos gastos.

e) Declaración xurada ou certificacións (artigo 24 Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións; en diante RLXS) de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), e en concreto, co Concello de Betanzos, e coa Seguridade Social, e que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro. No caso de que se autorice ao Concello, éste efectuará esta comprobación de oficio.

De non presentar a xustificación no prazo establecido, ou non desistir de forma motivada e por escrito no mesmo prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que levará a perda do dereito de cobro da subvención.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

Mediante acordo do órgano competente acreditarase o cumprimento da finalidade, que constitúe o obxecto do presente convenio, procedéndose á aprobación da conta xustificativa presentada polo beneficiario. Todo isto, sempre e cando a documentación xustificativa fose a correcta.

OITAVA. MODIFICACIÓN

Toda alteración das condicións que se tiveran en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda que se contempla neste convenio.

NOVENA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no presente convenio.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das contías recibidas.

DÉCIMA. COMISIÓN SEGUIMIENTO

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre do mesmo. Esta Comisión estará composta en representación do Concello de Betanzos polo/a concelleiro/a delegado/a da área (quen poderá delegar no funcionario dese área que estime oportuno), e pola outra parte o representante legal da entidade ou persoa na que delegue.


A Comisión terá as seguintes funcións:

- 1.- Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.- Interpretar e resolver as dúbidas, que se puideran suscitar na aplicación do convenio.

UNDÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO, REINTEGRO DA SUBVENCIÓN E SANCIÓN

Consonte ao disposto nos artigos 44 e seg. da LXS e artigos 41 e seg. da LSG, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención Municipal para a realización dun control financeiro sobre a

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

O reintegro da subvención procede e regúlase segundo o recollido nos artigos 37 e seg. da LXS (artigos 32 a 40 da LSG) e o artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Betanzos.

Con respecto ao réxime de infraccións e sancións, éste aparece regulado no título IV da LXS e LSG. Sendo o procedemento sancionador regulado no título IV do RLXS e título VI do "Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvencións de Galicia." Sendo reguladas no artigo 13 a 18 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Betanzos, as infraccións e sancións.

DUODÉCIMA. NATUREZA

O presente convenio ten natureza administrativa, as resolucións que se adopten porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA. INTERPRETACIÓN

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución do obxecto do convenio, aplicarase suplementoriamente a LXS, o RLXS, a LSG e as Bases de execución do orzamento do Concello de Betanzos.

E en proba da súa conformidade asinan o presente convenio.

A Alcaldesa

O representante do ente beneficiario

Asdo.: María Barral Varela

Asdo.: David Veiga González

